



## TFGs: CURSO 2019/2020

### CALENDARIO SETEMBRO-OUTUBRO 2019:

**15/09/2019:** Data tope para que o profesorado remita aos departamentos as súas propostas de TFGs.

**17/09/2019:** Data tope para que os departamentos fagan a súa proposta de TFGs para a listaxe xeral da Facultade de Economía e Empresa.

**20/09/2019:** Comisión de TFGs para a aprobación e publicación da:

- **Listaxe provisoria de estudantes matriculados** que están pendentes de asignación e que deberán elixir no acto público de elección de TFGs. Esta listaxe disporá os estudantes por orde de elección.
- **Oferta de TFGs** que integran a listaxe xeral da FEE para a elección.

**25/09/2019 as 14:30 horas:** Remate do prazo para a **tramitación de TFGs bilaterais e prórrogas** polos estudantes e profesores. As prórrogas e os bilaterais presentaranse na Administración da facultade.

**27/09/2019:** Comisión de TFGs para:

- Aprobación das propostas de bilaterais e prórrogas.
- Publicación da **listaxe definitiva de estudantes matriculados** que están pendentes de asignación e que deberán elixir no acto público de elección de TFGs. Esta listaxe disporá os estudantes por orde de elección.

**01/10/2019:** Acto público de elección de TFGs para alumnos matriculados que non teñen traballo asignado (hora 18.30 h na aula 0.6).

**04/10/2019:** Comisión de TFGs para asignar TFGs a estudantes sen TFGs asignados no proceso anterior.

### TRAMITACIÓN DUNHA PRÓRROGA DE TFG

Se o profesor e un estudante acordan prorrogar un TFG iniciado un curso anterior, deberán presentar a solicitude na Administración do centro no formato previsto que figura na web da FEE. Este documento deberá estar asinado por ambas as partes.

Importante: non se pode solicitar a prórroga dun TFG que xa fose prorrogado anteriormente. Isto é, só unha prórroga do mesmo traballo é posible.

### TRAMITACIÓN DUN TFG BILATERAL

Os estudantes matriculados poderanse dirixir aos profesores concretos en función dos temas que lles resulten de interese para a realización do TFG. Se existir acordo, presentarán na Administración do centro o documento previsto asinado polo titor e polo estudante. Estes TFGs non se restan da listaxe xeral de TFGs ofertados pola FEE. Unha vez aprobada a proposta de bilateral pola comisión, o profesor e estudante poden comezar a

realizar o TFG. **En todo caso, se un estudante está incluído na listaxe publicada e asina un bilateral, poderase presentar no acto de elección do día 1 de outubro para indicar esta circunstancia provisto dunha copia do acordo bilateral presentado na Administración do centro.**

### **ACTO PÚBLICO DE ELECCIÓN DE TFG**

Deberán asistir os estudantes matriculados na materia de TFGs que non teñan un TFG bilateral ou prorrogado.

- Lugar: Aula 0.6 da FEE
- Día: 01/10/2019
- Hora: 18.30 h.

### **NOTAS:**

- Se un estudante non pode asistir ao acto de elección, poderá autorizar a outra persoa, a cal deberá asistir ao acto de elección provisto do seu DNI, do documento cuberto e asinado, que figura na web da FEE e dunha copia do DNI do estudante representado.

- **Moi importante: Ausencia ao acto de elección**

Se un estudante non se presentar no acto de elección, nin autorizar a unha persoa que o represente, perde a posibilidade de elixir TFG e asume que a comisión de TFGs lle vai asignar un traballo dos dispoñibles.